

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 9 de outubro de 2020, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

### **Punto 1. Preguntas**

- 1.1 644 (11/POC-000027)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Vega Pérez, Daniel e 6 máis  
Sobre o número de proxectos de aldea modelo que están xa en marcha a día de hoxe en Galicia  
*Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG n.º 9, do 02.09.2020*
- 1.2 1480 (11/POC-000232)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Seco García, Martín e 4 máis  
Sobre as previsións do Goberno galego referidas á adopción de medidas nos ámbitos educativo e sanitario que eviten o posible colapso do medio rural coa chegada do inicio do curso escolar, diante da situación xerada pola pandemia da covid-19, así como as súas razóns para suprimir escolas unitarias e agrupar o alumnado nel durante a pandemia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 16, do 17.09.2020*
- 1.3 1610 (11/POC-000258)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis  
Sobre a xestión do Goberno galego en relación cos mercados de proximidade  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 16, do 17.09.2020*

### **Punto 2. Propositions non de lei**

- 2.1 649 (11/PNC-000025)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Vega Pérez, Daniel e 13 máis  
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia co obxecto de reforzar o selo Galicia Calidade para que funcione como marca paraugas de todos os



produtos que reflicten a excelencia do sector primario galego  
*Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 9, do 02.09.2020*

- 2.2 1384 (11/PNC-000128)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis  
Sobre a elaboración e aprobación por parte do Goberno galego dun plan de xestión e de bioseguridade do xabaril que permita ter diagnósticos anticipados do estado da poboación para os efectos do seu control, así como da detección precoz da carga vírica de peste porcina e a identificación das áreas afectadas  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 15, do 16.09.2020*
- 2.3 1539 (11/PNC-000144)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis  
Sobre o establecemento por parte da Consellería do Medio Rural da obrigatoriedade da vacinación antirrábica en cans, gatos e furóns  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 15, do 16.09.2020*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2020

Daniel Vega Pérez

Presidente da Comisión

Daniel  
Vega  
Pérez

Firmado digitalmente  
por Daniel Vega Pérez  
Nombre de  
reconocimiento (DN):  
cn=Daniel Vega Pérez,  
email=daniel.vega.perez  
@parlamentodegalicia.es  
Fecha: 2020.10.02  
12:21:32 +02'00'





Asinado dixitalmente por:

Daniel Vega Pérez na data 02/10/2020 12:21:32

